



ORDENANZA FISCAL 3 REGULADORA DA TAXA POR APERTURA DE ESTABLECEMENTOS

PREÁMBULO

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución española, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, o Excmo. Concello de Pontevedra establece a taxa pola prestación de servizos ou a realización de actividades administrativas de competencia local constituídas pola tramitación da licenza de apertura de establecementos ou a realización das actividades administrativas de control nos supostos nos que a esixencia de licenza fora substituída pola presentación de declaración responsable ou comunicación previa, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, e cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do mesmo texto legal.

Artigo 1. Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible desta taxa a actividade municipal, técnica e administrativa, previa ou posterior, inherente á tramitación de licenzas de apertura ou a presentación de declaracións responsables ou comunicacións previas para a apertura de establecementos, co obxecto de verificar se os establecementos industriais e mercantís reúnen as condicións de tranquilidade, sanidade e salubridade e calquera outras esixidas pola normativa vixente.

2. A tal efecto, terán a consideración de apertura:

1. A instalación por vez primeira do establecemento para dar comezo ás súas actividades.
2. A variación ou ampliación da actividade desenvolvida no establecemento, aínda que continúe o mesmo titular.
3. A ampliación do establecemento e calquera alteración que se leve a cabo neste e que afecte ás condicións sinaladas no número 1 deste artigo, esixindo nova verificación das mesmas.

3. Entenderase por establecemento industrial ou mercantil, toda edificación, estea ou non aberta ao público, que non se destine exclusivamente a vivenda, e que:

- a) Se dedique ao exercicio dalgunha actividade empresarial, fabril, artesán, da construción, comercial ou de servizos que estea ou non suxeita ao imposto sobre actividades económicas.
- b) Aínda sen desenvolverse aquelas actividades, sirvan de auxilio ou complemento para as mesmas, ou teñan relación con elas de maneira que lles proporcionen beneficios ou aproveitamentos, como por exemplo, sedes sociais, axencias, delegacións ou sucursais de entidades xurídicas, escritorios, oficinas, despachos ou estudos.

Artigo 2. Suxeitos pasivos

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, titulares da actividade que se pretenda desenvolver ou, no seu caso, se desenvolva en calquera establecemento industrial ou mercantil.

Artigo 3. Responsábeis

Os supostos de responsabilidade, xa sexa subsidiaria ou solidaria, serán os previstos na normativa tributaria.

Artigo 4. Beneficios fiscais

Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais.

Artigo 5. Base imponible

Tomarase como base para a determinación do importe desta taxa:

- a) A cota mínima municipal do Imposto sobre Actividades Económicas, cando ésta sexa de contía fixa e apareza como tal directamente consignada nas tarifas das tarifas e a instrucción do imposto sobre actividades económicas aprobadas polo Real decreto legislativo 1175/1990, de 28 de setembro.
- b) Nos casos no que a tarifa do imposto sobre actividades económicas se estableza en función de elementos tributarios, a base imponible será o resultado de multiplicar por 5,10 euros/m² a superficie total do local, independentemente do número de actividades realizadas, determinándose a dita superficie en función do establecido na Regra 14.1.f) do Real decreto legislativo 1175/1990. Este mesmo criterio utilizarase nos casos de ampliación do local. Cando se trate de solicitude de licenza ou, no seu caso, presentación de declaración responsable ou comunicación previa, para nova actividade, sen ampliación do establecemento nin cambio de titular, considerarase como superficie a computar o resultado de dividir a total que resulte da aplicación do anterior entre o número total de actividades desenvolvidas.

Artigo 6. Cota tributaria

1. A cota tributaria resultará de aplicarlle á base imponible os coeficientes que se sinalan neste artigo, en función da superficie do local onde se desenvolve a actividade, a categoría da vía pública na que estea situado o establecemento e do tipo de actividade a desenvolver.

2. En función da superficie do local aplicaranse os seguintes coeficientes:

Locais de hasta 50 m ²	1,2
Locais de 51 a 100 m ²	1,3
Locais de 101 a 200 m ²	1,4
Locais de 201 a 500 m ²	1,7
Locais de 501 a 1501 m ²	1,8
Locais de 1501 a 3000 m ²	1,9
Locais de máis de 3000 m ²	2

3. Establécense os seguintes coeficientes en función da categoría fiscal da rúa onde se sitúen os locais, segundo as categorías previstas na Ordenanza fiscal reguladora do imposto de actividades económicas:

CATEGORÍA	COEFICIENTE
Rúas de 1ª categoría.....	1,4
Rúas de 2ª categoría.....	1,2
Rúas de 3ª categoría.....	1,0
Rúas de 4ª categoría.....	0,9
Rúas de 5ª categoría.....	0,8



4. No caso de actividades sometidas ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental segundo o disposto no Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, a cota determinada segundo o establecido nos dous apartados anteriores incrementarase nun 100%.
5. Cando o importe da cota tributaria resultante non supere os 204,60 euros ou, no caso das actividades sometidas ao Decreto 133/2008, do 12 de xuño, polo que se regula a avaliación de incidencia ambiental, os 409,20 euros, esixíranse estas cantidades co carácter de mínimas.
6. Nos casos de variación ou ampliación de actividade a desenvolver no establecemento suxeito, a cota será a que resulte por aplicación dos apartados anteriores deste artigo sen dedución ningunha.
7. A cota tributaria esixírase por unidade de local.

Artigo 7. Devengo

1. Devéngase a taxa cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito impoñible. Para estes efectos, entenderase iniciada a dita actividade na data de presentación da oportuna solicitude da licenza de apertura, se o suxeito pasivo a formula expresamente, ou, no caso de presentación de declaración responsable ou comunicación previa, no momento mesmo en que comece a revisión da documentación achegada polo interesado, entendendo esta no momento en que se dé traslado da documentación ao servizo que corresponda.
2. A obriga de contribuír, unha vez nacida, non se verá afectada de ningún xeito pola denegación da licenza solicitada ou pola concesión desta condicionada á modificación das condicións do establecemento, nin pola renuncia ou desistencia do solicitante unha vez concedida a licenza. Asimesmo, non resulta tampouco afectada pola ineficacia da declaración responsable ou comunicación previa que no seu caso correspondese debida a incumprimentos, formais ou de requisitos substanciais esixidos pola normativa vixente, imputables ao interesado.
3. Cando a renuncia ou desistencia do contribuínte, respecto da solicitude de licenza ou da actuación mesma declarada responsablemente ou obxecto de comunicación previa, se realice con carácter previo ao inicio das actuacións por parte do Servizo con competencias urbanísticas, determinarase a devolución do 75% do importe da taxa. No caso de iniciarse os citados trámites non procederá devolución ningunha. O estado da tramitación constatarase en base a un informe do citado Servizo con competencias urbanísticas.

Artigo 8. Normas de xestión

1. A taxa esixírase en réxime de depósito previo do seu importe total. Para estes efectos, o depósito satisfarase antes da presentación da oportuna solicitude da licenza de apertura ou, no seu caso, da presentación de declaración responsable ou comunicación previa. No caso de expedientes a instancia de parte, non se iniciará a tramitación de expediente ningún, sen que o solicitante acompañe xustificante de ter efectuado o depósito.
2. As persoas interesadas na solicitude dunha licenza de apertura ou, no seu caso, na presentación dunha declaración responsable ou comunicación previa, presentarán a correspondente autoliquidación e efectuarán o seu ingreso, sendo o prazo de pago en período voluntario de cinco días naturais. Así, no Rexistro Xeral, presentarán xuntamente coa súa solicitude de licenza ou, no seu caso, a correspondente declaración responsable ou comunicación previa, o xustificante bancario do ingreso efectuado.
3. Se despois de formulada a solicitude de licenza de apertura ou, no seu caso, da presentación de declaración responsable ou comunicación previa que correspondese, se modificase ou ampliase a actividade a desenvolver no establecemento, se alterasen as condicións proxectadas para tal establecemento, se ampliase o local inicialmente previsto, deberá presentarse unha nova autoliquidación na Administración Municipal.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

1. A contía da cota da taxa poderase actualizar conforme ao Índice de Prezos do Consumo (IPC) establecido para o Estado polo Instituto Nacional de Estatística (INE).
2. O cálculo da actualización farase tendo en conta a evolución do IPC durante o período comprendido entre o mes de agosto do ano no que se aprobara a última actualización e o mes de xullo do ano inmediatamente anterior ao da súa aplicación, ambos inclusive.
3. A actualización requirirá, para a súa efectividade, a súa aprobación polo Pleno, conforme ao procedemento previsto no artigo 17 do Texto refundido da lei reguladora das facendas locais.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación da Ordenanza, aprobada polo Pleno da Corporación na súa sesión do día 21 de outubro de 2005, aprobouse polo propio Pleno na súa sesión do día 28 de outubro de 2013, e entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2014, producindo efectos ata a súa modificación ou derrogación